

ORDENANZA FISCAL Nº 19 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS RELATIVOS Á POSESIÓN DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

Artigo 1 .Obxecto.

De conformidade co previsto na Lei reguladora das facendas locais, establécese a taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licenza, as súas renovacións, inscricións rexistras, as súas modificacións e cancelacións.

Artigo 2. Feito imponible.

O feito imponible da taxa e a actividade municipal conducen á verificación do cumprimento das condicións reguladas nesta ordenanza para a concesión da licenza indicada, a actividade de control que se efectuará nas renovacións que dela deban verificarse, a tramitación, control e custodia que dela se establece e aqueles outros servizos que se recollen nas tarifas desta ordenanza.

Artigo 3. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos da taxa os propietarios de animais que soliciten a licenza de tenza de animais potencialmente perigosos e/ou o rexistro dun animal destas características, así como as persoas que desexen conducir un animal destas características pola vía pública, polo que deben dispor da correspondente licenza.

Artigo 4. Remuneración.

1. A remuneración da taxa producirase no momento da solicitude da prestación do servizo.

2. A non concesión de licenza, cando non sexa por incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar á devolución das cantidades cobradas

Artigo 5. Tarifas.

Licenzas por posesión de animais	
1. Licenza de cans potencialmente perigosos	7,14 €
2.Ficha identificativa individual	0,64 €
3.Renovación de licenzas	0,64 €
4.Inscrición no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos	3,59 €
5.Inscrición no Censo de Animais de Compañía	2,41 €
6.Modificacións rexistras	1,17 €
7.Cancelación rexistral	2,41 €
Os actos aos que se refiren as epígrafes 1, 3, 4, e 7, cando se soliciten polos suxeitos pasivos a que se refire o número 2 do artigo 3, terán un cargo do 20 %	

Artigo 6.Normas de xestión.

1. A prestación dos servizos deberase axustar ao determinado na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos e no Real Decreto 287/2002, do 22 de marzo polo que se desenvolve a Lei anterior.

2. Establécese ao réxime de autoliquidación da taxa, e con ingreso previo á prestación do servizo
3. No suposto de que o servizo se prestase en réxime de concesión ou contrato por prestación de servizos por entidade distinta do Concello, a recadación da taxa, realizarase polo propio concesionario.
4. O concesionario virá obrigado a notificar a relación de servizos prestados a requirimento do Concello.

Artigo 7. Ingreso da taxa.

O ingreso da taxa efectuarase en réxime da autoliquidación e con carácter previo ao acto que o motiva.

Artigo 8. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas corresponden en cada caso. Estarase ao disposto na Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Quedan excluídos da obriga de obtención da licenza municipal, aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo a supervisión directa da ONCE e sexan destinados á guía de persoas invidentes.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor coa súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa polo Concello.